

PROGRAMA VOLUNTARIADO “VOCES DE APOIO: ILLAS CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE”

1. Contexto

O Concello de Vigo lidera a iniciativa de proposta da candidatura das Illas Cíes, como Patrimonio Mundial Natural UNESCO, desde o ano 2013. Desde esa data e ata a actualidade desenvolvéronse diversas actuacións encamiñadas a alcanzar dito obxectivo, baixo unha triple liña de traballo.

- **Coordinación entre institucións implicadas.** Conseguir o recoñecemento, implicación e traballo en colaboración entre as institucións e representantes políticos do ámbito local, rexional, nacional e internacional.
- **Difusión e divulgación dos valores naturais e ecolóxicos das Illas Cíes.** Có ánimo de acadar o maior número de apoios, implicacións e participación activa da sociedade e do ámbito empresarial.
- **Traballos científicos e técnicos,** para apuntalar os criterios có obxectivo de demostrar e acreditar a potencialidade do ben como Patrimonio Mundial UNESCO.

De maneira transversal, e dado que así o esixe tamén a propia UNESCO, dotouse ao proceso dun forte carácter participativo, implicando activamente á sociedade no desenvolvemento das accións que compoñen as diferentes liñas de traballo que marca a Folla de Ruta da Candidatura.

Xa no particular, e en referencia á procura de apoios activos que se sumen á Candidatura, a fortalezan e a sitúen desde a dimensión social, o Concello de Vigo articula un Programa de Voluntariado “Voces de Apoio: Illas Cíes Patrimonio da Humanidade”.

Así, o obxectivo último deste Programa é conseguir o respaldo dunha masa social o suficientemente ampla, diversa e representativa, que contribúa ao fortalecemento e posicionamento da candidatura das Illas Cíes - desde a dimensión social-, a ollos do mundo e ante a propia Convención UNESCO.

Á vez, alcanzaranse os seguintes obxectivos secundarios:

- Difundir coñecemento e información, a nivel social, sobre as Illas Cíes desde as súas dimensións ambientais, naturais e ecolóxicas.
- Proporcionar información sobre o Programa Patrimonio Mundial UNESCO: obxectivos, procesos e impacto ambiental, social e económico sobre a área.
- Incrementar a sensibilización e concienciación ambiental pola preservación e conservación deste espazo natural.
- Potenciar a participación da Cidadanía nas accións a desenvolver en cada unha das liñas de traballo, desde a incorporación de novos voluntarios que se sumen ao proxecto.

2. Obxecto do Programa Voces de Apoio Illas Cíes Patrimonio da Humanidade.

As accións do Programa de Voluntariado “Voces de Apoio Illas Cíes Patrimonio da Humanidade”, desenvolveranse entre os días 13 ao 19 de outubro, en diferentes puntos da cidade de Vigo, en horario continuado de 10:00 a 22:00 horas.

O despregamento consistirá na disposición de 10 casetas móbiles que serán situadas en diferentes puntos estratéxicos e céntricos de Vigo, desde onde se poderá divulgar información acerca da Candidatura das Illas Cíes como Patrimonio da Humanidade UNESCO, co ánimo de alcanzar sinaturas de apoio representativas do compromiso social co proxecto.

As diferentes casetas estarán dotadas de diverso material divulgativo para proporcionar información e coñecemento en detalle tanto da Candidatura como das propias Illas Cíes, incorporando aspectos ambientais e ecolóxicos, así como tamén diverso material corporativo do proxecto de Candidatura. O material deste tipo do que se dispoña será entregado a toda aquela persoa que, de maneira voluntaria, colabore asinando no correspondente **Libro de Sinaturas O TEU APOIO VALE UN MUNDO**.

O traballo dos voluntarios será desenvolvido íntegramente na caseta que lle sexa asinada, os días e horas que así tamén lle sexan comunicados.

Previo ao desenvolvemento da acción, desenvolveríase unha acción formativa/informativa conxunta para o total de voluntarios do que se compoñe o Programa, á cal é obrigatorio asistir, cuxo obxectivo é:

- Difundir instrucións/metodoloxía de traballo.
- Difundir información sobre as illas Cíes como ben potencial a ser declarado Patrimonio Mundial UNESCO.
- Difundir información sobre o proxecto de Candidatura Illas Cíes Patrimonio da Humanidade: antecedentes, traballos actuais e folla de ruta.
- Comunicar o marco temporal de traballo que establece quendas e lugares para cada un dos voluntarios.
- Confirmación da participación dos voluntarios no lugar, data e horas indicadas.

3. Recursos a disposición do Voluntario

O Concello de Vigo facilitará aos Voluntarios os recursos técnicos e materiais que fosen necesarios, para o desenvolvemento dos traballos. Entre outros:

- Instrucións completas e metodoloxía para a recollida de sinaturas de apoio
- Vestiario e Equipamento coa marca distintiva da Candidatura Illas Cíes Patrimonio da Humanidade
- Documentación divulgativa para a difusión das Illas Cíes Candidatas a Patrimonio Da Humanidade UNESCO
- Equipamento fotográfico para a toma de imaxes
- Libro físico para a recollida de sinaturas

- Material corporativo coa marca da Candidatura Illas Cíes Patrimonio da Humanidade, a entregar a toda aquela persoa que asine o seu apoio ao proxecto.

En calquera caso, a colaboración que preste a persoa voluntaria terá un carácter totalmente altruísta e gratuíto, sen que se perciba ningún tipo de salario, honorarios ou calquera outra prestación de carácter retributivo.

En ningún caso, establecerase co Concello de Vigo ningunha relación laboral ou mercantil.

4. Requisitos e obrigas dos voluntarios

Para poder formar parte do proceso de selección de voluntarios e poder colaborar no desenvolvemento da Acción referida, haberanse de cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ter 18 anos ou máis.
- b) Realizar as actividades de acordo coas instrucións que lles sexan facilitadas
- c) Cumprir as medidas de seguridade e saúde que se adopten.
- d) Gardar a debida confidencialidade sobre a información recibida e coñecida no desenvolvemento das súas actividades de voluntariado.
- e) Respetar os dereitos das persoas destinatarias da acción voluntaria e das demais persoas voluntarias coas que colaboren.
- f) Actuar de forma dilixente, coordinada, responsable e solidaria no desenvolvemento da actividade voluntaria, colaborando co Concello de Vigo e a Equipa de Candidatura Illas Cíes Patrimonio da Humanidade, así como co resto de persoas voluntarias, na consecución dunha maior eficacia e calidade das accións a desenvolver.
- g) Participar nas actividades formativas que se entendan necesarias para un desenvolvemento adecuado da acción voluntaria.
- h) Utilizar en todo momento o vestiario e equipamento de identidade Candidatura Illas Cíes Patrimonio da Humanidade, que lle sexa facilitado.
- i) Coidar e facer bo uso dos recursos materiais que poña á súa disposición a entidade.
- j) Entregar a toda aquela persoa que amose o seu apoio e firme no correspondente Libro de Apoios da Candidatura, o material que se deseñou e editou para este fin.
- k) De ser o caso, notificar a súa renuncia a seguir colaborando na acción, coa antelación suficiente que permita a substitución da súa participación pola doutra persoa voluntaria.
- l) Comunicar calquera incidencia tanto no desenvolvemento das súas funcións, como calquera impedimento para cumprir cos horarios asignados.

5. Procedemento de solicitude

5.1 Documentación mínima a presentar

A documentación mínima requirida para a admisión no procedemento de selección dos voluntarios é:

1. Anexo I Acordo de colaboración
2. Cuestionario a cubrir polas persoas voluntarias
3. Anexo III Autorización da persoa voluntaria a utilización dos seus datos persoais ó fin de facilitar información dos diferentes programas e voluntariados da Oficina Municipal de Voluntariado
4. Anexo IV Solicitude de Participación
5. Copia simple do DNI

5.2 Forma presentación de solicitudes

A presentación da documentación requirida no apartado 5.1 realizarase vía electrónica, a través da seguinte dirección de correo: uneteaciespatrimonio@vigo.org

Tras a recepción da solicitude de participación enviarase un correo electrónico de resposta conforme se recibiu a solicitude correctamente.

5.3 Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes de participación no Programa de Voluntariado Voces de Apoio, atoparase **aberto desde o 16 de outubro ao longo de todo o proceso de Candidatura.**

6. Dereitos dos voluntarios

A PERSONA VOLUNTARIA gozará dos seguintes dereitos:

- a) Serán tratadas sen ningún tipo de discriminación con respecto da súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas.
- b) Serán informadas e formadas, particularmente en materia de seguridade e prevención de riscos, orientada ás características e natureza do presente voluntariado. Asegurarase así que a actividade voluntaria desenvolverase en condicións de seguridade, hixiene e saúde.
- c) Serán informadas e formadas sobre o contorno ambiental das illas Cíes e os seus valores naturais orientados ao cumprimento dos criterios UNESCO. O obxectivo é dispor dunha información completa da que poder facer uso para alcanzar con éxito as sinaturas de adhesión e apoios á Candidatura.
- d) Serán informados acerca dos traballos desenvolvidos desde a Candidatura e a Folla de Ruta que determinará as accións a desenvolver a curto prazo, co obxecto de dispor de información da que poder facer uso para alcanzar con éxito asinas de adhesión e apoios á Candidatura.
- e) Recibirán a información e formación, o asesoramento, o apoio técnico, así como os medios materiais que requira o exercicio das actividades e tarefas do voluntariado, ao longo da súa participación na Acción.
- f) Estarán aseguradas mediante póliza que cubra os riscos de accidente da propia persoa voluntaria.



- g) Recibirán certificación da súa participación no proxecto desta acción voluntaria, na que se exprese, cando menos, a descrición das actividades e as datas nas que se realicen.